

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 24 DE ABRIL DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada OU-540 que ten o seu inicio no p.q. 21 + 680 da OU-540 e o seu final no p.q. 21 + 810 da OU-540 en prol do Concello de Celanova.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Vigo o profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza en Galicia para 2014, polo importe de un millón setecentos dezaseis mil oitocentos noventa euros con trinta e nove céntimos (1.716.890,39 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun Acordo de coordinación entre a Xunta de Galicia, por medio da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación CETMAR para a execución do proxecto "mellora da transformación e comercialización de produtos pesqueiros realizadas por mulleres de comunidades dedicadas á pesca e acuicultura en Nicaragua", polo importe de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial RED.ES para o desenvolvemento do programa de saúde e benestar social da Axenda Dixital para España no eido do Sistema Nacional de Saúde, por un importe de 6.637.000 euros.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos e con baixa cualificación na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2014. Importe total: dous millóns trescentos mil euros (2.300.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas xoves que realizan prácticas non laborais en empresas. Importe total: un millón novecentos dezasete mil euros (1.917.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA) para consolidar o proxecto de cría, tipificación e testaxe de poldros da raza equina cabalo de pura raza galega e acadar unha maior diversificación produtiva da raza, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), por un importe total de cento vinte e un mil euros (121.000,00 euros).



INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre ocupación en establecementos hoteleiros de Galicia durante a Semana Santa de 2014.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia no ano 2014.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de execución dos proxectos de tecnoloxías da información no 2013.



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE EN PROL DO CONCELLO DE CELANOVA UN TREITO DA ANTIGA ESTRADA OURENSE-CELANOVA (OU-540)

- *Trátase dun tramo illado como consecuencia das obras realizadas na estrada OU-540, que queda fóra do itinerario principal e cuxo uso quedou relegado a un tráfico local*
- *O Concello de Celanova deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do treito a partir da formalización de entrega*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade dun treito da antiga estrada OU-540 (Ourense- Celanova) en prol do Concello de Celanova.

A solicitude do cambio de titularidade, realizada polo concello, inclúe un treito localizado no lugar de Carfaxiño entre os puntos quilométricos 21 + 680 e o 21 + 810.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considera axeitado este cambio de titularidade, dado que os case 300 metros transferidos adquiren características puramente locais pola súa situación. Trátase dun tramo illado como consecuencia das obras realizadas na estrada OU-540, que queda fóra do itinerario principal e cuxo uso quedou relegado a un tráfico local.

Con esta aprobación o Concello de Celanova deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación do trazado a partir da formalización da entrega, que terá lugar no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).


Cambio de titularidade de estradas de Galicia

Os cambios de titularidade das estradas están regulados na Lei de estradas de Galicia. De acordo con este artigo os cambios dos nomes das vías deben ser aprobados por un decreto de Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) é a encargada de avaliar o cambio de titularidade.

Ademais, a Lei de estradas de Galicia alega que as entidades locais dentro das súas competencias aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Cumprindo o exposto, o Concello de Celanova deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír o treito da OU-540.





Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

A XUNTA DE GALICIA NOMEA A SALUSTIANO MATO COMO REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- *O profesor foi escollido pola comunidade universitaria, por segunda vez consecutiva, nas eleccións do pasado 1 de abril*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento do profesor doutor Salustiano Mato de la Iglesia como reitor magnífico da Universidade de Vigo. Este nomeamento prodúcese despois de que Mato fose elixido nas eleccións ao Reitorado da UVigo o pasado 1 de abril, e proclamado como reitor pola Comisión Electoral o día 7 do mesmo mes. Desta forma, noméase como responsable máximo desta institución académica o docente, que tamén resultara elixido nas eleccións de maio de 2010 e exerceu como reitor nos últimos 4 anos.

Salustiano Mato de la Iglesia é doutor en Bioloxía pola Universidade de Santiago e catedrático de Zooloxía do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo desde o ano 2000. O novo reitor da UVigo foi tamén nesta institución vicerreitor de Investigación entre maio de 1998 e agosto de 2005. Ademais, Mato desempeñou o cargo de director xeral de I+D+i na Xunta de Galicia entre 2005 e 2009.



A XUNTA RENOVA A COLABORACION CO MINISTERIO DO INTERIOR NA SEGURIDADE DOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- ***Realizarán esta vixilancia 203 efectivos: 122 gardas civís en situación de reserva e 81 membros do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade***
- ***O convenio prevé un investimento de 1,7 millóns e aproveita a experiencia das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección de edificios***

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa xuntanza semanal un novo convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio do Interior en materia de seguridade nos edificios da Administración de Xustiza na nosa comunidade para este ano, por 1,7 millóns de euros, polo cal un total de 203 axentes da Policía Nacional e da Garda Civil custodiarán as instalacións xudiciais galegas.

O obxecto deste convenio é a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de Xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou activo, neste caso deberán ter un mínimo de 58 anos de idade e 25 anos de servizo efectivo no Corpo Nacional de Policía; e así aproveitar a experiencia destes axentes na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de Xustiza de Galicia.

No convenio, fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 203 efectivos: 81 membros do CNP en segunda actividade e 122 gardas civís en situación de reserva. Dos 81 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 72 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a antiga Cámara de Comercio, 9 para o edificio dos xulgados da Parada de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 122 gardas civís en situación de reserva, 10 integrarán o cadro de mando, 52 estarán na unidade de protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña -18 na Coruña, 9 en Santiago, 5 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-; 12 na Comandancia de Lugo -2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-; 16 na de Ourense - 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de Trives, 2 en



Ribadavia, 2 en Xinzo e 2 en Verín- e 32 efectivos na Comandancia de Pontevedra – 5 na Audiencia Provincial, 3 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 3 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 3 para Tui-.

Doutra banda, o convenio tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección será de 24 horas ao día en servizo permanente no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e de 07.30 a 22.00 horas nas sedes das audiencias provinciais e dos xulgados con garda de permanencia. Neste último caso os sábados o horario será de 09.00 a 14.30 horas e de 17.00 a 20.30 horas, mentres que os domingos e festivos só hai vixilancia polas mañás en horario de 9.30 a 14.30 horas. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada, de luns a venres, de 7.30 a 15.00 horas.

EFFECTIVOS QUE REALIZARÁN EN 2014 AS FUNCIÓNS DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN DAS SEDES XUDICAIS GALEGAS (203 funcionarios)

➤ **Persoal do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade (81 funcionarios)**

- Equipo de mando (9 funcionarios)
 - 1 funcionario de escala superior
 - 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
 - 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

- Escala básica (72 funcionarios)
 - A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal): 14 funcionarios
 - Ferrol: 7 funcionarios
 - Ribeira: 4 funcionarios
 - Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
 - Monforte de Lemos: 2 funcionarios
 - Viveiro: 2 funcionarios
 - Ourense (Pazo de Xustiza e anexo –antiga Cámara de Comercio–): 9 funcionarios
 - Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 9 funcionarios



- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

➤ **Persoal da Garda Civil en situación de reserva (122 efectivos)**

- **Cadro de mando (10 efectivos)**
 - 1 coronel (nivel autonómico)
 - 4 capitáns (nivel provincial)
 - 5 suboficiais (nivel provincial)
- **Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña (52 efectivos da categoría de cabos/gardas)**
 - A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 18 efectivos
 - Santiago de Compostela: 9 efectivos (2 edificios)
 - Betanzos: 5 efectivos
 - Carballo: 4 efectivos
 - Arzúa: 2 efectivos
 - Corcubión: 2 efectivos
 - Muros: 2 efectivos
 - Negreira: 2 efectivos
 - Noia: 2 efectivos
 - Ordes: 2 efectivos
 - Ortigueira: 2 efectivos
 - Padrón: 2 efectivos
- **Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo (12 efectivos da categoría de cabos/gardas)**
 - Becerreá: 2 efectivos
 - Chantada: 2 efectivos

- Fonsagrada (A): 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos
- Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense (16 efectivos da categoría de cabos/gardas)
 - Bande: 2 efectivos
 - Barco de Valdeorras (O): 2 efectivos
 - Carballiño (O): 2 efectivos
 - Celanova: 2 efectivos
 - Pobra de Trives (A): 2 efectivos
 - Ribadavia: 2 efectivos
 - Xinzo de Limia: 2 efectivos
 - Verín: 2 efectivos
- Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (32 efectivos da categoría de cabos/gardas)
 - Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 5 efectivos
 - Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 3 efectivos (o servizo préstase no edificio vello dos xulgados, durante os días laborables de luns a venres e en horario de 8.00 a 15.00 horas, por seren destinados con este labor)
 - Cambados: 4 efectivos
 - Cangas: 4 efectivos
 - Porriño: 4 efectivos
 - Caldas de Reis: 2 efectivos
 - Estrada: 3 efectivos
 - Lalín: 2 efectivos
 - Ponteareas: 2 efectivos
 - Tui: 3 efectivos

XUNTA E CETMAR COLABORAN NUN PROXECTO DE APOIO AO DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO E ACUÍCOLA LEVADO A CABO POR MULLERES EN NICARAGUA

- ***A Comisión Europea vén de aprobar tamén unha subvención plurianual de 400.000 euros para este proxecto***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que establece as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e o CETMAR para o financiamento das actuacións no marco do proxecto denominado "Mellora da transformación e comercialización de produtos pesqueiros realizadas por mulleres de comunidades dedicadas á pesca e acuicultura en Nicaragua".

A Comisión Europea vén de aprobar tamén unha subvención plurianual de 400.000 euros para este proxecto, que ten como principal obxectivo contribuír a aumentar a participación social das pescadoras e vendedoras de peixe procedente da pesca artesanal e da acuicultura rural a pequena escala, reforzando as súas capacidades profesionais para o procesamento e a comercialización e incrementando os seus ingresos económicos.

A Vicepresidencia da Xunta, por medio da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, participará no cofinanciamento do proxecto plurianual 2014-2016, cun importe total de 125.000 euros. A Xunta vén executando proxectos e programas en países cun baixo índice de desenvolvemento humano por medio dos instrumentos de cooperación técnica e económica en colaboración con outros entes, públicos e privados, co criterio orientador de que as transferencias de coñecemento fortalezan institucións e desenvolvan novas capacidades nas comunidades receptoras, coadxuando desta forma á redución da pobreza.

Cabe sinalar que a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, establece como ámbito de actuación preferente da cooperación galega o apoio aos países con menor grao de desenvolvemento, en especial daqueles que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade, potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos e atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas. Asemade, o III Plan Director 2014-2017 da Cooperación Galega considera Nicaragua como país prioritario para a cooperación galega.

Ademais, no período de planificación que deu comezo coa aprobación polo Parlamento de Galicia deste III Plan director da cooperación galega no mes de marzo, seguirase a impulsar a coordinación cos axentes de cooperación, para crear alianzas de traballo conxunto que xeren propostas que poidan acceder a fondos europeos e internacionais.



CONSELLERÍA DE SANIDADE ASINA CO MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE E COA ENTIDADE RED.ES UN CONVENIO PARA CONSOLIDAR O USO DAS TIC DENTRO DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE

- *Por un importe de 6,6 millóns de euros*
- *Grazas a este convenio calquera usuario terá garantido un seguimento completo do seu estado de saúde en toda España, así como o acceso a medicamentos mediante un sistema de receita electrónica compatible co actualmente existente en Galicia*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Consellería de Sanidade e a entidade pública Red.es, para o desenvolvemento do Programa de saúde e benestar social da Axenda Dixital para España no eido do Sistema Nacional de Saúde, que supón achegas por 6.637.000 euros para a realización de diversos investimentos no eido das TIC sanitarias durante os anos 2014 e 2015.

O obxectivo deste convenio é levar a cabo actuacións para a implantación da receita electrónica interoperable, así como o despregamento completo do sistema da historia clínica dixital e a evolución e mellora do sistema de identificación de usuarios, todo isto no marco do Sistema Nacional de Saúde.

En consecuencia, coas actuacións previstas neste convenio, está previsto realizar as actividades que permitan a integración desta información no sistema de intercambio do Sistema nacional de saúde público español, de tal xeito que se consiga a identificación inequívoca dos usuarios do SNS, a existencia dunha historia clínica e unha receita electrónica interoperables, que possibiliten que calquera usuario poida ter garantido un seguimento completo da súa saúde en toda España, así como o acceso a medicamentos mediante un sistema de receita electrónica compatible co actualmente existente en Galicia, en calquera punto do Estado.

O investimento realizarase por parte de Red.es (80%) 5.309.600 euros, e do Ministerio de Sanidade (20%) 1.327.400 euros, antes do 31 de decembro de 2015, exixindo á Xunta de Galicia un investimento equivalente en accións compatibles con estas actuacións, 6.637.000 euros.

Sinalar que este é o cuarto convenio asinado entre a Consellería de Sanidade e a entidade pública Red.es.



O CONSELLO APROBA UN ORZAMENTO DE 4,2 MILLÓNS DE EUROS PARA DÚAS NOVAS ORDES DE AXUDAS ENMARCADAS NO PLAN DE EMPREGO XUVENIL

- *Ambas as convocatorias son novas e executaranse por primeira vez este ano*
- *Destinaranse 2,3 millóns de euros para formar máis de 1.100 desempregados menores de 30 anos con baixa cualificación*
- *Ademais, financiaranse con 1,9 millóns as prácticas non laborais en empresas duns 500 mozos e mozas de ata 25 anos con cualificación*
- *Estas dúas iniciativas forman parte das 19 actuacións incluídas no Plan de emprego xuvenil, aprobado polo Goberno galego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dúas novas ordes de axudas enmarcadas no Plan de Emprego Xuvenil, e que estarán dotadas cun total de 4,2 millóns de euros e chegarán a máis de 1.600 mozos e mozas. Ambos os programas son novos e, por tanto, executaranse este ano por primeira vez.

A primeira das ordes ten como obxectivo ofrecer accións formativas dirixidas a desempregados menores de 30 anos cunha baixa cualificación. Contará cun orzamento de 2,3 millóns de euros para 2014 e beneficiará unhas 1.125 persoas.

Deste xeito, aquelas persoas que teñen unha escasa ou nula cualificación (o 60 por cento dos mozos e mozas desempregados) poderán obter formación certificable de nivel 1, ou ben poderán formarse en competencias clave, o que despois lles permitirá acceder a certificados de nivel dous.

Ademais, os beneficiarios destas accións formativas poderán optar a axudas pola súa participación no curso, en materia de transporte, conciliación ou para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Poderán impartir estes cursos aqueles centros ou entidades colaboradoras debidamente acreditados e inscritos no Rexistro de centros e entidades que existe para este fin. Todas as accións estarán sometidas a un seguimento por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A segunda das ordes está dotada cun total de 1,9 millóns entre este ano e o 2015, e chegará a 500 persoas. O obxectivo é ofrecer prácticas non laborais aos mozos e mozas con cualificación (titulación universitaria, ciclo de grao medio ou superior ou certificado de profesionalidade), para facilitar o seu acceso posterior ao mercado laboral.

Os participantes non deberán ter tido unha relación laboral ou outro tipo de experiencia laboral superior a tres meses na mesma actividade (neste cómputo non serán tidas en



conta as prácticas que formen parte dos currículos das diferentes titulacións académicas). As prácticas terán unha duración de entre seis e nove meses, e tamén estarán controladas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os beneficiarios recibirán unha bolsa de apoio por parte das empresas. A súa contía dependerá das horas diarias. En concreto, recibirán o 80 por cento do IPREM mensual vixente cando as prácticas duren catro horas diarias; e o 100 por cento do IPREM cando duren máis de catro horas ao día. A Xunta, pola súa banda, financiará aquelas empresas que ofrezan estas prácticas, cunha contía do 75 por cento do IPREM diario vixente por cada día que duren as prácticas.

Estas dúas ordes son parte das 19 medidas que se inclúen no Plan de emprego xuvenil aprobado polo Goberno galego. Esta estratexia está dotada con preto de 100 millóns de euros para os próximos dous anos e está articulada dun xeito transversal para facer fronte ás taxas de paro entre a mocidade.

A XUNTA E A ASOCIACIÓN PURAGA COLABORAN EN PROL DA DIVERSIFICACIÓN E MANTEMENTO DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA

- *O convenio de colaboración foi aprobado hoxe no Consello da Xunta, dando así continuidade ao proxecto subscrito no período 2010-2013, co fin de obter unha maior diversificación produtiva da raza*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA) para consolidar o proxecto de cría, tipificación e testaxe de poldros desta raza equina.

Trátase de dar continuidade ao convenio subscrito no período 2010-2013 co fin de obter unha maior diversificación produtiva da raza e así garantir a subsistencia do sector, ben como o avance da raza ata alcanzar a categoría de raza de fomento.

Así, PURAGA incluírá anualmente no proxecto un grupo de poldros de pura raza galega, achegando os coidados facultativos necesarios e manténdoo en axeitadas condicións sanitarias, de nutrición e hixiene, e realizará un estudo sobre alimentación e manexo de greas nas explotacións de orixe, orientado á produción e comercialización da carne de poldro.

Pola súa parte, a Consellería financiará parcialmente o custo das actividades con 121.000 euros para as anualidades 2014 e 2015. Así mesmo, dedicará as instalacións do Centro de Referencia de Razas Equinas Autóctonas de Galicia (CREAG) a manter poldros en réxime de liberdade.



GALICIA REXISTROU EN SEMANA SANTA UNHA OCUPACIÓN MEDIA QUE SUPEROU EN 9 PUNTOS A REXISTRADA NO MESMO PERÍODO DO ANO PASADO

- *O Consello da Xunta informou hoxe sobre os datos de ocupación rexistrados nos establecementos hoteleiros da comunidade entre o Xoves Santo e o Domingo de Pascua que acadaron unha media do 55,7%, superando en 3,4 puntos a previsión inicial e en 9 puntos o dato da Semana Santa 2013*
- *Os datos reflicten a recuperación do turismo nacional neste período, así como o incremento da rendibilidade do sector*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre as cifras de ocupación media rexistradas nos establecementos hoteleiros galegos durante os días festivos da Semana Santa. Así, a través dunha enquisa realizada pola Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia os datos indican unha ocupación media que acadou o 55,7 % para o conxunto dos hoteis en Galicia, superando en 3,4 puntos porcentuais as previsións iniciais e situándose 9 puntos por riba da ocupación media do 46,4 % rexistrada na Semana Santa do ano pasado en toda Galicia.

Segundo os datos deste estudo, apréciase neste período unha recuperación do turismo nacional ao mesmo tempo que se rexistra un incremento na rendibilidade do sector. Ademais, rexistrouse unha ocupación máis elevada nos establecementos de maior categoría, de modo que os hoteis de catro e cinco estrelas situaron a ocupación media no 69%. No resto das categorías a ocupación oscilou entre o 48 dos establecementos dunha estrela e o 53 % dos establecementos de 3 estrelas.

No nivel provincial, Ourense rexistrou unha ocupación media do 71,7 %. En Lugo a ocupación acadou o 69,9 %. Na Coruña a ocupación situouse no 57,3 % e en Pontevedra no 48,5 % de media.

O 69,5 % dos hoteis consultados sinalaron que os seus resultados foron mellores ou iguais que na Semana Santa do ano pasado. O 42,1 % sinala que os resultados foron mellores.

Sondaxe ás asociacións do sector

Turismo de Galicia realizou tamén unha sondaxe ás diferentes asociacións empresariais do sector do aloxamento en Galicia. Así, en termos globais, os entes asociativos declaran que os resultados deste ano foron mellores que os rexistrados o ano pasado.

Así, na cidade da Coruña, a patronal HOSPECO sitúa o nivel de ocupación no 76,1 %, cun incremento de viaxeiros do 15 % a respecto dos datos de 2013 e un incremento de prezos dun 10 %.



A Asociación de Empresarios de Hostalaría de Ferrol e Comarca indica que a ocupación media foi do 95% o Xoves e Venres Santo e do 80 % o Sábado e Domingo.

Mentres que en Lugo, segundo os datos da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Lugo acadouse un 81,33 % de ocupación entre o Xoves Santo e o Sábado Santo, dez puntos máis que o ano pasado. Realizan tamén unha análise territorial que revela incrementos do 25% na montaña lucense, pasando do 62 ao 87 % de ocupación; de 15 puntos en Lugo centro, cunha ocupación do 90 % e de 12 puntos porcentuais por riba dos resultados de 2013 na Mariña, cun 83 % de ocupación media.

En Pontevedra, FEPROHOS asegura que os resultados foron mellores que en 2013 e sitúan a suba entre o 5 e o 10 % nas cifras de ocupación media. Na área de Vigo, AHOSVI sinala que a media de ocupación se situou no 60 %, entre un 5 e un 7 % máis que en 2013. A ocupación en Vilagarcía de Arousa, segundo a Asociación de Empresarios de Hostalaría situouse no 95 % e o Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo sitúa a ocupación nos festivos nun 65 %, superando as cifras do ano pasado.

Pola súa parte, o sector termal rexistrou unha ocupación media nos días de Semana Santa do 85 %.



A XUNTA DESTINA PRETO DE 12 MILLÓNS AO IMPULSO DA COMPETITIVIDADE E DA ACTIVIDADE INNOVADORA DOS CENTROS TECNOLÓXICOS GALEGOS

- *A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, lanza unha nova convocatoria de contratos-programa que suma case 2 millóns de euros para os 5 centros tecnolóxicos galegos recoñecidos pola súa excelencia*
- *A actuación, que se engade a outro tipo de iniciativas como o Conecta Peme ou o Innova en Galicia, busca reforzar o funcionamento dos centros, con especial atención aos recursos humanos a través da captación e retención de talento*
- *Os beneficiarios terán que acreditar o cumprimento de exixentes indicadores de actividade, centrados na súa capacidade para transferir resultados á empresa*
- *Esta liña de actividade enmárcase na aplicación da Estratexia Estatal de Innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema galego de I+D+i*

A Xunta de Galicia, na súa aposta por impulsar a transferencia de resultados da investigación á empresa, e mellorar deste xeito a competitividade do tecido empresarial galego, destinará este ano preto de 12 millóns de euros ao impulso da actividade innovadora dos centros tecnolóxicos galegos a través de distintas actuacións.

Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe unha nova convocatoria de axudas que, baixo a fórmula de contratos-programa, destina case 2 millóns de euros aos centros tecnolóxicos consolidados. Un programa que se suma a outras liñas para empresas que exixen a contratación de centros, como é o caso do Conecta Peme, ou a novas iniciativas como o Innova en Galicia, no cal a Xunta incentivará a creación de unidades de innovación mixtas entre centros e grandes empresas para abrir e consolidar liñas de I+D punteiras en Galicia.

A vinculación dos acordos coñecidos hoxe á fórmula dos contratos programa garante a existencia de exixentes indicadores de resultados, asegurando un financiamento estable non dependente de proxectos concretos, con especial atención aos recursos humanos. Os beneficiarios serán os cinco centros tecnolóxicos galegos que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Economía e Competitividade: AIMEN, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), ANFACO-CECOPECA, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG).

Esta lista complementarase en vindeiras datas con outra serie de contratos-programa dirixidos ao resto de centros tecnolóxicos e de investigación da Comunidade así como aos centros da Plataforma de Innovación Sanitaria do Sergas. Deste xeito, a Xunta contribúe a que Galicia conte con centros tecnolóxicos fortes e excelentes capacitados



para captar e reter talento, e que poidan responder de maneira competitiva ás necesidades do tecido empresarial.

As axudas ligadas a estes contratos-programa non só posibilitan o financiamento de equipamentos, investimentos ou subcontratacións, senón que resultan unha vía fundamental para apostar polo capital humano. Deste xeito, configúranse como unha vía con gran potencial para a atracción e retención de talento mediante actuacións que permiten a contratación e consolidación de persoal investigador así como a mellora da súa formación.

Os requisitos para o acceso a este financiamento están baseados en exixentes indicadores de actividade, centrados prioritariamente na capacidade para transferir resultados á empresa e, por tanto, contribuír de maneira decisiva na competitividade e o crecemento da economía galega. Neste sentido, os compromisos que os centros deben cumprir están condensados nun número moi limitado de criterios, pero moi intensivos (contratos e unidades mixtas con empresas, patentes etc.). Isto débese á intención de incentivar os esforzos nas partes que xeran máis valor da actividade que levan a cabo os centros.

Os contratos-programa serán obxecto de anticipos por valor do 50% do total das axudas que sexan concedidas. Isto ten por obxecto optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I, o que permitirá aos beneficiarios contar cunha parte importante das axudas con antelación, e contribuír a unha mellora da súa liquidez.

Este programa de axudas enmárcase na aplicación da Estratexia Estatal de Innovación en Galicia (e2i), dotada con 35 millóns de euros para actuacións estratéxicas no Sistema galego de I+D+i. A vinculación dos contratos-programa á e2i supón a blindaxe económica desta liña de actuación ata 2015, aínda que a Xunta ten intención de darlle continuidade alén dese exercicio como instrumento estratéxico de apoio á actividade dos centros de coñecemento e en liña coas prioridades establecidas na Estratexia de especialización intelixente (RIS3).



MÁIS DE 15.000 PROFESIONAIS DO SERGAS ACCEDEN DIARIAMENTE ÁS HISTORIAS CLÍNICAS DOS PACIENTES

- *Realizan unha media diaria de 162.000 accesos a historias clínicas e imaxe dixital, e efectúan preto de 340.000 dispensacións electrónicas*
- *Así o revela o informe de balance de implantación de novas tecnoloxías na sanidade pública galega durante 2013*
- *Tamén constata que durante o ano 2013 se realizaron máis de 35 millóns de accesos á historia clínica electrónica e o número de anotacións en historias clínicas acadou 37.169.914, que destaca fronte aos 26,6 millóns que se realizaron en 2012.*
- *Case a totalidade de centros de saúde poden facer uso de solucións de telemedicina e máis dun 38% dos profesionais de centros de saúde fan uso destes servizos*
- *A páxina web do Servizo Galego de Saúde rexistrou máis de 8 millóns de accesos durante 2013*
- *A cidadanía galega dispón de 16 servizos para realizar a través da internet, e os profesionais un total de 13 servizos*
- *Preto de 800 expertos da Unión Europea reúnen os días 28 e 29 deste mes en Compostela para falaren de innovación en materia sanitaria*
<http://www.sergas.es/galiciahealthinnovation>

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou hoxe o Consello da Xunta da execución dos proxectos de tecnoloxías da información durante 2013 na sanidade pública galega. O informe, que fai referencia ao ano 2013, revela que cada día 15.508 profesionais acceden a IANUS, realizan 162.000 accesos a historias clínicas e imaxe dixital, efectúan 339.966 dispensacións electrónicas e escriben 100.000 anotacións.

Tamén constata que durante o ano 2013 se realizaron máis de 35 millóns de accesos á historia clínica electrónica e o número de anotacións en historias clínicas acadou 37.169.914, que destaca fronte aos 26,6 millóns que se realizaron en 2012.

Con respecto á telemedicina, case a totalidade dos centros de Atención Primaria poden utilizar estes servizos, e son un total de 38,45% dos profesionais médicos de Primaria os que fan uso dos servizos de telemedicina. Así mesmo, realizáronse un total de 27.645 interconsultas utilizando esta tecnoloxía en Galicia.

Sobre imaxe dixital, está presente no 100% dos centros de saúde, e o 96,4% da imaxe médica xerada no Sergas é dixital, o que supón un aforro de case tres millóns de euros en impresión da placa radiolóxica no último ano. Así mesmo, facilitouse o acceso a todas as residencias sociosanitarias públicas e ao 43% dos centros concertados.



Ata 16 servizos en liña para a cidadanía a través da páxina web

O informe destaca que a páxina web do Servizo Galego de Saúde (<http://www.sergas.es>) rexistrou durante o 2013 un total de 8.197.113 accesos, dos cales 39.388 son accesos á historia clínica e 14.410 á consulta individualizada de listas de espera.

Actualmente, en Galicia están dispoñibles para a súa realización a través da internet un total de 16 servizos públicos sanitarios en liña para o cidadán, cifra que foi crecendo desde 2006, cando só había tres. En concreto pódense realizar diversos trámites relacionados coa tarxeta sanitaria, a solicitude de cita previa, o acceso á historia clínica, a subscripción a noticias e recordatorios de citas, o servizo de suxestións, queixas e reclamacións e con foros de participación cidadá, entre outros.

Toda a poboación galega pode acceder ao sistema unificado de petición telefónica de cita previa, xa coa posibilidade de solicitar citas a todas as especialidades dos centros de saúde, anular e atrasar citas hospitalarias.

O 10,52% das citas previas para os centros de saúde, é dicir, un total de 3.034.780 citas, son tramitadas a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde. O 27% dos cidadáns usan este servizo de cita previa. Tamén durante o 2013 se tramitou un 48,94% de citas procedentes dos centros de saúde concertadas telematicamente cos hospitais.

A prescrición electrónica acadou o 97,5% e o 100% da dispensación é xa electrónica. Grazas á e-receita, desde 2009 diminuíu en 3,3 millóns o número de consultas administrativas nos centros de saúde e en 2,4 millóns as citas totais.

Entre outras vantaxes de mellora da accesibilidade á cidadanía destacan os 396 centros descentralizados no sistema de tratamento anticoagulante oral (incluíndo centros de saúde e residencias da terceira idade), o que permite que un 92% dos pacientes activos non teñan que ir ao hospital.

Máis servizos en liña para profesionais

Entre outros datos, o balance do pasado ano 2013 destaca que os profesionais do sistema sanitario público contan cun total de 13 servizos en liña.

A Oficina Virtual do Profesional permitiu unha redución de prazos en xeración de listas de contratación a tres meses, desde a inscrición ata a baremación automatizada. A través do Expediente-e rexistráronse 1,5 millóns de méritos, cunha media diaria de accesos de 7.095. Tamén un total de 45.728 persoas se inscribiu de forma electrónica



en procesos de selección de persoal. Durante 2013 realizouse a primeira baremación electrónica con base nos datos existentes no expediente-e

Outras das vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías son a formación non presencial a través da plataforma de tele-formación Mestre, á cal accedeu un total de 30.069 persoas durante 2013, que se repartiron entre os 113 cursos dispoñibles.

Con respecto a Bibliosaúde, a biblioteca virtual rexistra 381.057 accesos anuais e dispón de 6.061 publicacións dispoñibles gratuítas e de pago, que son accesibles por todos os profesionais as 24 horas ao día.

Comezo do Congreso Internacional Innovación Sanitaria

Hai que sinalar, así mesmo, que o vindeiros días 28 e 29 de abril a innovación sanitaria será o eixo do Health Innovation International Meeting, un congreso dividido en dúas xornadas que, baixo a organización da Consellería de Sanidade, reunirá en Compostela preto de 800 expertos, responsables na xestión e profesionais da materia de distintos países da Unión Europea.

Na primeira xornada, no día 28, trataranse temas de especial interese, como a repercusión tanto a nivel europeo como rexional da estratexia da Asociación Europea de Innovación en Envellecemento activo e saudable ou os enfoques e políticas de innovación abordados a nivel estatal e autonómico. Así mesmo, abordaranse distintas experiencias europeas, todas elas enfocadas á implantación de novas visións innovadoras nos sistemas de saúde. Tamén se falará da compra pública con criterios innovadores no sector sanitario a nivel europeo.

O día 29, no que terá lugar o encontro de experiencias de innovación en saúde, falarase da implantación de novos procesos no contorno sanitario que fomenten uns servizos de máis calidade, seguridade e eficiencia.

O programa e a información das xornadas está dispoñible na páxina web do Servizo Galego de Saúde (<http://www.sergas.es/galiciahealthinnovation>).

